

POLIZÓNS A BORDO

TRABALLANDO POR PROXECTOS NO CPI DE PANXÓN

Modalidade: B- Introducción das competencias básicas na aula dixital.

Coordinador/a: Monserrat Sanuy Alfeirán

Casto Antonio García Márquez

Andrea García- Picher Rodríguez

Eva Fontangordo Fernández

Sinopse do traballo:

Proxecto documental encamiñado á modificación de estratexias metodolóxicas na aula, desenvolvendo contidos curriculares que atenden á diversidade e empregando diferentes recursos, en especial as TIC, o traballo colaborativo e a biblioteca. Persigue desenvolver as competencias básicas e conseguir un maior éxito escolar.

2009-2010

INDICE

- 1.- XUSTIFICACIÓN
- 2.- OBXECTIVOS
- 3.- CONTIDOS
- 4.- METODOLOXÍA
- 5.- TEMPORALIZACIÓN
- 6.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS
- 7.- ACTIVIDADES
- 8.- PLAN DE AVALIACIÓN (LOGROS E INCIDENCIAS NA PRÁCTICA EDUCATIVA).

MEMORIA

TRABALLANDO POR PROXECTOS NO CPI DE PANXÓN

"POLIZÓNS A BORDO"

1.- XUSTIFICACIÓN

A idea do presente proxecto xorde como consecuencia dunha experiencia realizada no CPI de Panxón no curso 2008-09, baseada no desenvolvemento dun Proxecto Documental Integrado "Deuses somos Nós" o cal estivo encamiñado á modificación de estratexias metodolóxicas na aula, traballáronse contidos educativos atendendo á diversidade, empregáronse os recursos que o centro ten (en especial as TIC e a biblioteca). Todo co obxectivo de afianzar materias instrumentais, mellorar as competencias básicas e conseguir un maior éxito escolar.

Implicou unha filosofía educativa centrada no alumnado, poñendo o acento nos procedementos pero sen descoidar en ningún momento os contidos.

Dado que nos proxectos documentais se promove a implicación de todas as áreas do coñecemento, supón a participación de todo o profesorado e a miúdo da Comunidade Educativa (familias, docentes, asociacións...) así como unha estreita colaboración coa biblioteca escolar e coa biblioteca pública. Quixemos co desenvolvemento do proxecto formarnos como equipo educativo, nesta metodoloxía e facer traballos de investigación nos que o alumnado traballe directamente coa documentación, aprendendo a aprender e a traballar autonomamente.

As razóns polas que consideramos importante usar esta estratexia metodolóxica e formarnos como equipo educativo son:

- A realización dun proxecto tende a integrar aprendizaxes e os aprendizaxes integrados son máis potentes, e perduran por máis tempo na memoria. Os problemas que se plantexan nun proxecto non poden ser resoltos aplicando coñecementos dunha soa disciplina.
- As actitudes ante o coñecemento tenden a ser máis positivas cando é un mesmo o que elixe e busca.
- O profesor ou a profesora adquiren un rol distinto na maneira de ensinar, xa non é o único poseedor do coñecemento
- Aprender a "presentar problemas ao alumnado", que requiran da busca de información e procesala son estratexias cognitivas que amplían o repertorio de estratexias do alumnado favorecendo a aprendizaxe autónoma.

Ademais desenvolver un Proxecto Documental Integrado é mais doado cando son varios os profesores e profesoras que se coordinan e organízanse para levar a cabo este tipo de iniciativas nas que o alumnado xogará un papel primordial, sempre acompañado na súa aprendizaxe polo profesorado.

2.- OBXECTIVOS

Este proxecto contemplou obxectivos cara o equipo de profesorado e cara o alumnado

- Formarnos como equipo de profesorado na metodoloxía do traballo por proxectos.
- Formarnos como profesorado para traballar as competencias básicas dende un proxecto de centro.
- Promover cambios de actitude no profesorado e alumnado.
- Aprender a documentarse, coñecendo a importancia das TIC como fonte de información e facendo un uso racional das novas tecnoloxías.

- Buscar e seleccionar información a través de internet
- Desenvolver unha actitude aberta e crítica ante as novas tecnoloxías.
- Comprender a significatividade da aprendizaxe e do traballo colaborativo.
- Aprender a traballar en equipo pola multidisciplinaridade que os Proxectos Documentais Integrados conlevan.
- Adquirir competencias básicas.

3.- CONTIDOS

- Os Proxectos Documentais Integrados
- A Alfabetización Informacional, localización de información, selección dos documentos, lectura da información.
- Tratamento da información e comunicación desta empregando distintos produtos.
- Utilización dos diferentes recursos documentais da biblioteca.
- As competencias básicas.
- Deseño de actividades didácticas con apoio nas TIC (webquest, pizarra dixital, internet.....)
- A idade media: Contexto histórico-social
- As clases Sociais
- A Indumentaria da Época
- Os Castelos
- Antecedentes da viaxe de Colón
- As catro viaxes de Colón
- Os Instrumentos náuticos
- Tipos de barcos: As carabelas
- Os conquistadores
- Cronoloxía xeral da conquista e colonización de América

- A evanxelización e os dereitos dos indíxenas.
- Influencia do descubrimento de América na decadencia da lingua e literatura galega.

4.- METODOLOXÍA

Seguindo a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos, dividimos as clases en pequenos equipos, o cal facilitou as labores de busca de información, ademais de engadir a riqueza que supón o traballo colaborativo.

Foi fundamental proporcionar a os alumnos/as o que se chama "andamios " para o aprendizaxe. Recursos onde encontrar a información, facilitando as súas buscas, pláncellas para recollela e modelos para plasmar as súas creacións.

Os recursos que lle ofreciamos (tanto en Internet como bibliográficos) tiñan que seleccionalos para que se adaptasen á proposta didáctica que queríamos que levaran a cabo.

Consideramos moi interesante que utilizasen diversas fontes (Internet, libros, prensa e revistas, etc.) na súa investigación.

A mera recollida de información non era a nosa meta. Por iso procuremos que ese sexa so o primeiro paso. Posteriormente deberán seleccionar o válido do que non o é, para transformar esa información dando resposta ao reto plantexado.

Foi fundamental para conseguir a motivación, plantexar a proposta como un reto, utilizando termos o mais imaxinativos posibles.

Procuramos que os indicadores de avaliación foran claros e coñecidos polos alumnos/as para poder comprobar se realmente estanse integrando novos coñecementos ou non, e incluír aspectos de funcionamento do equipo de traballo que foxen autoavaliabes.

A pesar de que calquera das propostas pódense realizar de forma illada na aula, a verdadeira riqueza didáctica consistiu en xuntar as actividades como proposta colectiva a nivel de Centro, expoñendo os resultados das diferentes investigacións e posteriormente adicando un día a celebración do proxecto no que poida participar toda a Comunidade educativa.

Metodoloxía Profesorado previa ao desenvolvemento do proxecto

O equipo de profesorado reflexionamos e formámonos sobre os diferentes aspectos dos que consta un proxecto, así como, sobre a necesidade dun **cambio na maneira de ensinar e de aprender do noso alumnado**. Para todo isto partimos da visualización da presentación de Ana Basterra "¿Por qué cambiar la metodología en mi aula? 10 ideas"; e "Como crear Webquest e miniquest". A partir destas presentacións e das aportacións de Rosa Piquín, unha porcentaxe elevada do profesorado entendeu que o traballo por proxectos implica traballar un tema de maneira disciplinar ou interdisciplinar, dunha maneira "diferente" á tradicional, no que o libro de texto deixa de ser a única fonte de información; hai que propoñer ao alumnado diferentes actividades encamiñadas á elaboración dun produto final, sendo importante que este produto final teña unha proxección fóra do aula (exposición no Centro, publicación na revista escolar, exposición a alumnos-as de outras clases,...).

5.- TEMPORALIZACIÓN

O Proxecto iniciámolo no mes de outubro e neste deseñamos unha programación que atendera aos:

- Obxectivos xerais do centro e aos específicos de cada área
- Os contidos

- As actividades que se derivaban de cada proxecto didáctico
- O plan de traballo e metodoloxía
- Temporalización e secuenciación

I TRIMESTRE

- Información sobre o proxecto ao alumnado
- Motivación e sensibilización
- Entrega e recopilación de materiais

II TRIMESTRE

- Visita cultural Tordesillas e Valladolid
- Visita cultural Carabela "PINTA" en Baiona
- Traballo de aula
- Análise e reflexión
- Traballo artístico, científico e informático

III TRIMESTRE

- Presentacións orais dos produtos a outros grupos
- Exposicións dos produtos
- Preparación dos obradoiros
- Decoración do centro cos produtos elaborados polo alumnado
- Xornada de finalización do proxecto: 28 de maio

Obradoiros

- Cociña
- Teatro
 - Motín a Bordo
 - A Perseverancia
- Interpretación da Sinfonía do Novo Mundo
- Intercambio cultural: Manualidades castelos e vivenda precolombina.
- Instrumentos musicais precolombinos
- Matemática Maia
- Dicionario temático, Cadernos Descubrimento
- Xogos: A oca, Pasapalabra, Quero ser millonario, A caza do tesoiro

- Xogos deportivos
- Reportaxe en vídeo e fotográfico que recolle os aspectos mais destacados do proxecto e as actividades realizadas.
- Elaboración da memoria
- Recollida de materiais
- Proceso de avaliación dos resultados

A programación deste día foi a seguinte

28 de MAIO

9-11:30 Obradoiros	<p>Obradoiros:</p> <p>Castelos</p> <p>Vivenda Precolombina</p> <p>Matemática Maia</p> <p>Elaboración de Instrumentos musicais</p> <p>Xogos culturais: PasaColón, Oca, Caza do tesouro, Quero ser millonario</p> <p>Escritura</p> <p>Manexo de Instrumentos de Navegación</p>	<p>Participa todo o alumnado e profesorado distribuído nos distintos obradoiros.</p>
11:30-12	Exposición Traballos dos obradoiros:	Aberto ás familias
12-12:30 Teatro	<p>Grupo de teatro CPI de Panxón:</p> <p>"Motín a Bordo" (Inglés)</p> <p>"A Perseverancia"</p>	Aberto ás familias
12:30-14:30 Deportes Béisbol	Xogos deportivos:	Aberto ás familias
14:30-15:30 Comida	Xornada gastronómica intercultural	

6.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

O desenvolvemento do proxecto, implica un cambio na organización dos espazos, rompese coa distribución espacial clásica das aulas, xa que están en continua mobilidade, tanto para a busca de información como para a realización dos diferentes produtos que esixen un traballo colaborativo . Os espazos mais utilizados no desenvolvemento do proxecto foron.

- Aula TIC, na que empregaron as seguintes aplicacións informáticas para a creación dos contidos, entre eles os multimedia, que incorpora o traballo:

- Páxinas web, Power Point, Photoshop , Acrobat Reader , WinRAR, Word, Wordpress, Publisher....etc.

- Biblioteca (zona multimedia e de traballo grupal).

- Espazos anexos ao centro:

- O pavillón de deportes

- A cociña e o comedor escolar, para a elaboración do menú intercultural e a degustación de pratos tradicionais.

- O salón de actos, coa ambientación necesaria para representar as obras de teatro "Motín a Bordo" e "A Perseverancia".

As aulas transformáronse completamente, non só pola ambientación e decoración, senón porque o alumnado mesturouse, tendo que traballar e convivir co alumnado de outra etapa ou ciclo en función das actividades e distintos obradoiros que escollían.

Os corredores, as escaleiras, os espazos de acceso aos corredores ambientáronse cos produtos elaborados polo noso alumnado, facendo do centro un lugar de convivencia entre alumnado, profesorado e familias.

7.- ACTIVIDADES

A) PLANIFICAR O PROXECTO, ELABORAR OS MATERIAIS, PRODUTOS CONSEGUIDOS:

1. Unha vez decidido o tema do proxecto. **“O intercambio entre dúas culturas”, a través do descubrimento de América, por Cristovo Colón.**

Tivemos que delimitalo, establecendo os contidos xerais (sinalados no epígrafe de contidos) e os que se ían tratar nos diferentes cursos e materias.

- O equipo de profesores para inicialo elaboramos un mural de sensibilización ao tema, no que aparecían imaxes referentes ao descubrimento e unha adiviña a través da que o alumnado ía acercándose ao tema do proxecto. ([ANEXO I](#))
- A segunda tarefa foi elaborar **cuestionarios**, para coñecer os **coñecementos previos** do alumnado. Elaboráronse catro distribuídos da seguinte maneira: ([ANEXO II](#))
 - Cuestionario 1º ciclo de EP
 - Cuestionario 2º ciclo de EP
 - Cuestionario 3º ciclo de EP e 1º e 2º da ESO
 - Cuestionario 3º e 4º da ESO
- Como Motivación e punto de partida para o alumnado de secundaria, organizouse unha **viaxe cultural a Tordesillas e Valladolid**. O alumnado de 3º da ESO na Materia de Iniciativas emprendedoras, encargouse de facer o presuposto, contactar coa axencia de viaxes, e elaborar documentos informativos para familias e alumnado. O equipo de profesorado elaborou un caderno de traballo que o alumnado levou a Valladolid, no que tiñan que recoller a información que alí se lles pedía. Á volta da viaxe tiveron que entregar o caderno de traballo e o alumnado de 2º da ESO elaborou un **Power-point na materia de**

Lingua estranxeira Inglés, no que tiñan que utilizar o “pasado”.
([ANEXO III](#)).

- Como Motivación e punto de partida para o alumnado de primaria, organizouse a **viaxe a Carabela PINTA en Baiona**. Ao igual que na viaxe a Valladolid, para o alumnado de EP, elaboráronse, dous cadernos de traballo “Descubrimos a PINTA” un para 1º e 2º ciclo e outro para o 3º ciclo de EP ([ANEXO IV](#)).
- **O Entroido** tamén xirou ao redor do proxecto. Para isto o alumnado da ESO, xunto co profesorado, construíu unha Carabela en poliespán. O día da celebración do Entroido fixemos un pasarúas por todo Panxón xunto coa EEI as Dunas (centro adscrito). Vestímonos de época e fomos trala nosa carabela seguindo a Colón que ia animándonos.
Ao finalizar o pasarúas, desfilamos ao ritmo das cancións da época no pavillón do Centro e finalmente asistimos na biblioteca a unha sesión de teatro lido ([ANEXO V](#)).
- O día da Arribada a Baiona, asistimos a representación teatral na praia da obra: **ARRIBADA DE BAIONA**
- En relación cos cambios alimentarios que trouxo o descubrimento o alumnado do **1º ciclo**, traballou un **Invernadoiro escolar de plantas traídas do novo mundo**, para que o puideran facer, houbo que montar catro invernadoiros e os alumnos/as plantaron as sementes e seguiron o proceso de crecemento, recollendo os datos nunha ficha elaborada especificamente para este proceso, que cubrían na sala de informática coa súa titora todas as semanas. ([ANEXO VI](#))
- Por outra banda o alumnado de 1º de EP, utilizou como recurso de traballo o conto “ de la A a Z” de Rafael Cruz-Contarini. Editorial Everest, facendo finalmente unha **reinterpretación deste conto en**

ED. Plástica, con textos creados polos propios alumnos/as na materia de lingua galega. ([ANEXO VII](#))

- Ao tratar o proxecto dunha realidade histórica e sociocultural definida por un tempo e un espazo, (a Idade Media baixa e inicio da Idade Moderna), consideramos de importancia traballar o contexto histórico, as clases sociais, indumentaria, castelos.... Este eixe foi traballado polo **alumnado de 3º de EP**. Para eles elaboramos unha secuencia didáctica e nos distintos buscadores e enciclopedias, entre todos, atopamos información para que puidesen elaborar un pequeno informe sobre as clases sociais en base a unha plantilla elaborada polo equipo de profesorado e un caderno sobre os castelos. Queda pendente a elaboración dun sinxelo **powerpoint sobre os castelos**, como se construían, de que materiais estaban feitos, partes dun castelo. Con este terán que facer unha presentación aos diferentes cursos de EP e Secundaria. Tamén elaboraron un mural coa pirámide social da época e maquetas para realizar o taller de castelos que se desenvolveu, xunto con outros talleres o día 28 que celebramos o peche deste proxecto. ([ANEXO VIII](#)).
- Un dos aspectos que trouxo a unión destas dúas culturas foi o **cambio na alimentación** mediante os produtos que nós levamos e os que América nos aportou. Investigar sobre estes cambios correspondeulle a **4º de EP**. Para iso, o profesorado elaborou unha Webquest que tivo como produtos finais a elaboración dun mural coa roda dos alimentos que viñeron de América e outro no que se recollían os que nós levamos. Outro produto foi un informe co orixe de cada un dos alimentos que viñeron de América. O día 28 encargáronse da exposición de produtos que o alumnado de 1º ciclo cultivou nun horto escolar. ([ANEXO IX](#))

- O alumnado de **5º de EP**, investigou nas **biografías dos conquistadores**. De cada un deles tiveron que facer unha ficha coa data de nacemento e morte, países conquistados e consecuencias da conquista. Esta ficha foi exposta nos corredoiros do centro, xunto cunha imaxe de cada conquistador. Este curso tamén traballou a cronoloxía xeral da Conquista e Colonización de América. Paralelamente a este traballo o alumnado de 4º da ESO na materia de lingua estranxeira (Inglés) elaboraron un powerpoint cun pequeno resumen dos Conquistadores ([ANEXO X](#))
- Na materia de **Lingua Galega**, o alumnado da ESO, traballou dende o eixe, "Cómo influíu o Descubrimento de América na decadencia da lingua e literatura galega?" (Lingua castelá "Século de Ouro" e Lingua Galega "Séculos Escuros". O produto elaborado foi un mural "Colón na Literatura Galega" ([ANEXO XI](#)). Ademais, este Departamento foi encargado de traer unha poñente especializada no descubrimento, para a semana das Letras Galegas. A conferencia celebrouse o día 12 de Maio e a poñente foi Magaly Costas Costas.
- Na materia de **Relixión**, todo o alumnado da ESO traballou a Evanxelización e os dereitos dos indíxenas por medio da figura de Frai Bartolomé de las casas. A misioneira Hermana Socorro impartiu unha conferencia a todo o alumnado do CPI o día 27 de maio sobre as misións en Perú, coa información obtida elaboraron un mural. ([ANEXO XII](#))

- Na materia de **Lingua Castelá**, os dous primeiros cursos de Secundaria tiveron como fío condutor do seu traballo a lectura "POLIZÓN A BORDO" que dá título a este proxecto.

En 1º da ESO, despois de abrir un correo cada alumno/a, foron lendo os 21 capítulos do libro e facendo as actividades que a profesora lles enviaba cada semana. Os exercicios realizados relacionaban os contidos das distintas disciplinas lingüísticas (semántica, morfoloxía...) e literarias correspondentes ao curso, co capítulo pertinente.

Pouco a pouco foron redactando un diario de bitácora no que incluíron o contido da lectura e o resuman do traballo realizado.

O alumnado de 2º da ESO elaborou, despois de ler cada capítulo, unha nova redacción do mesmo mediante o traballo semanal que entregaban en planillas e en parellas.

Ademais de supor a mellora nas súas destrezas no manexo dos recursos informáticos, supuxo o traballo interdisciplinar con materias como Sociais, Inglés, Tecnoloxía...en algúns capítulos (RRCC, partes dunha carabela, instrumentos de navegación...)

Ademais os grupos de 1º e 2º da ESO, encargáronse da recopilación do vocabulario temático do descubrimento, estes alumnos/as elaboraron documentos temáticos en formato Word co significado de cada unha das palabras, de maneira que o alumnado que participe o día 28 no obradoiro de escritura (elaboración de dicionario temático) puideran atopar de maneira sinxela as palabras correspondentes a cada tema. **O dicionario temático** final foi realizado en papel apergamiñado, nel escribiron todos os alumnos/as e profesorado do centro, sendo un documento que formará parte da base documental da biblioteca do centro. ([ANEXO XIII](#))

- **En Ciencias Sociais en 4º da ESO**, traballaron os antecedentes da viaxe de Colón, e todo o proceso do descubrimento co contexto social. Como produto final elaboraron un **powerpoint** de presentación do tema para todo o alumnado do Centro; a **presentación** deste fixérona o día 24 de maio e, o día 28, estivo exposto para que toda a **comunidade educativa** puidera visualizalo. ([ANEXO XIV](#))
Ademais, estes alumnos/as desenvolveron unha webquest, "VIAXE VIRTUAL a 1492". (ANEXO XIV)
http://www.edutic.ua.es/visualiza_wq/contenido.asp?opt=introduccion&id=7856
- O alumando de **3º e 4º da ESO**, de maneira interdisciplinar nas materias de **Ciencias Naturais e Lingua estranxeira** (Inglés), desenvolveron a seguinte webquest: **What triumphs and tribulations did Christopher Columbus go through to be an explorer?** Elaborada por Christina Jones, West Virginia University. Dende o Departamento de Inglés o equipo de profesorado traballou co alumnado de 2º da ESO as partes dunha carabela e elaboraron un mural alusivo ao tema. ([ANEXO XV](#))
- **Na** materia de TIE de maneira interdisciplinar con Ciencias Sociais, traballaron ao longo do curso na elaboración de preguntas e actividades para o XOGO DA OCA, o PASAPALABRA e a CAZA DO TESOURO, así como na elaboración dos paneis e respostas para estes xogos. Estes concursos realizáronse o día 28, xunto co xogo "QUERO SER MILLONARIO". ([ANEXO XVI](#), [OBRADOIRO DE XOGOS INTERCULTURALS](#)).

- O día 28 de maio, rematouse o desenvolvemento do proxecto, e adicouse todo o día a exposición dos traballos feitos polos alumnado, así como a talleres relacionados coa temática desenvolta.

ANEXO XVI: Obradoiros

- Cociña
- Teatro
 - Motín a Bordo
 - A Perseverancia
- Interpretación da Sinfonía do Novo Mundo
- Intercambio cultural: Manualidades castelos e vivenda precolombina.
- Instrumentos musicais precolombinos
- Matemática Maia
- Dicionario temático, Cadernos Descubrimento
- Xogos: A oca, Pasapalabra, Quero ser millonario, A caza do tesoiro
- Xogos deportivos

DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN DO CENTRO. (ANEXO XVIII)

➤ CORREDOR DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O Equipo Docente xunto co alumnado de Educación primaria dispuxémonos a ambientar o centro convertendo o corredor de Primaria nun castelo. Para isto, empapelouse todo o corredor con papel marrón, fixéronse as ameas, torres, fachos, lámpadas, cabalos, horto... ¡Nosos alumnos / as camiñaron por unha verdadeira fortaleza! (ANEXO XVIII)

➤ PLANTA BAIXA

Na planta baixa, expuxéronse algúns dos produtos elaborados polo alumnado como COLON NA LITERATURA GALEGA, A LIÑA DO TEMPO DESTE PERIODO, A FIRMA DO TRATADO, O ENIGMATICO ROSTRO DE COLON, QUEN ERA CRISTOBAL COLÓN, E A UNHA CARABELA . (ANEXO XVIII)

➤ PRIMEIRA PLANTA

Nesta planta expuxéronse os produtos elaborados polo alumnado da ESO. PARTES DUNHA CARABELA (INGLÉS), OS DEUSES MAIAS, A MATEMÁTICA MAIA, MOSTRA DE TRABALLOS DOS ALUMNOS/AS DE LINGUA CASTELÁ, CONSECUENCIAS PARA EUROPA E AMÉRICA DA CONQUISTA, A EVANXELIZACIÓN, INSTRUMENTOS DE NAVEGACIÓN.

B) A ACTIVIDADE DOCENTE DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ¿Qué FIXEMOS os profesores-as?

O profesorado, unha vez establecidos os fíos condutores relacionados coa Concreción curricular en cada un dos cursos e materias, procedeu por pequenos equipos a busca de materiais para conseguir os obxectivos, contidos e competencias que o alumnado tiña que alcanzar.

Estudamos e preparamos o tema, seleccionando a información con criterios de novidade e planeamento de problemas.

Tratamos de implicar a todos os compoñentes do grupo para favorecer a conciencia de aprender no alumnado. Mantivemos unha actitude evaluativa, durante o proceso preguntándonos sempre, que saben?, que dúbidas poden xurdir? Que cre o alumnado que está a aprender?.

Durante todo o proceso o equipo de profesores/as recapitulamos o proceso seguido, tratando de ordenalo, para contrastalo entre nos e deseñar novas propostas educativas.

C).- QUE FIXO O ALUMNADO?

O alumnado colaborou no guiión inicial da clase, contactando con diferentes fontes informativas, buscadores Web, e bibliografía básica na biblioteca do centro.

Levaron a cabo o tratamento da información e de maneira individual ou grupal segundo se lles indicaba foron elaborando os diferentes produtos finais.

Para levar a cabo o tratamento da información, seguiron os seguintes pasos:

1.- Identificar as necesidades de información e planificar a busca de datos (qué información hai que buscar e onde)

2.-Buscar e consultar as fontes de información

3.- Procesar a información

É dicir seleccionase a información, distínguese o importante e significativo do secundario, ordenase, organizase e estruturase , se lle da unha unidade lóxica.

Interpretase esa información: análise, síntese, comentarios, reflexións, relacións, comparacións, xuízos e inferencias persoais dos datos atopados.

4.- Representar a información, conversión da información en coñecemento.

5.-Comunicar a información utilizando diferentes soportes

Traballo escrito: informe, articulo de opinión na revista Axiordo, cartel, folleto,

Traballo oral: Presentación de diapositivas, dramatización, ...

Traballo tecnolóxico: blog, webquest,...

8.- PLAN DE AVALIACIÓN (Indicadores e incidencias na práctica educativa)

8.1. ESCALA DE AVALIACIÓN

Para avaliar este proxecto baseámonos na :

OBSERVACIÓN:

Durante todo o proceso o profesor/a observou o traballo dos alumnos/as e a marcha deste, atendendo aos criterios de avaliación definidos. Os datos recollidos permitiron facer modificacións no proceso de traballo.

ANÁLISE DOS TRABALLOS REALIZADOS:

Durante todo o proceso os alumnos tiveron que realizar unha serie de traballos:

- Busca de material: libros e webs
- Resumos
- Estudio e desenvolvemento do proxecto.
- Participación nos grupos de traballo.
- Realización de actividades
- Análise dos produtos que ían elaborando.

Estes traballos foron analizados e avaliados a medida que se ían realizando, quedando moi satisfeitos dos resultados obtidos.

Todos os traballos foron expostos o día 28 de maio, no que celebramos o remate do proxecto coa participación de toda a Comunidade educativa, este día foi un indicador básico para á avaliación do proxecto.

3. RESPOSTA A CUESTIÓNS DE FORMA ORAL ESCRITA.

Durante o desenvolvemento do proxecto o alumnado respondeu a cuestións relacionadas cos contidos estudados de forma oral e escrita.

4. FICHA DE AVALIACIÓN

As seguintes escalas de avaliación permitiron analizar con facilidade todos os datos recollidos, tanto os referidos ao alumnado como ao proceso.

PROXECTO					
ITEMS	1	2	3	4	5
- O Proxecto despertou o interese do profesorado				X	
- Idoneidade do tema escollido para o PDI				X	
- Idoneidade da selección dos recursos				X	
- Traballouse colaborativamente					X
- Soubemos buscar información adecuada en diferentes soportes					X
- Dominio das habilidades informáticas necesarias				X	
- A selección da información foi adecuada ao PDI				X	
- Realización das actividades propostas					X
- Grao de coordinación entre as distintas áreas					X
- Traballouse de forma autónoma					X

PROXECTO					
ITEMS	1	2	3	4	5
- Os obxectivos e contidos propostos son adecuados ao nivel do profesorado.					X
- O proxecto proposto despertou o interese do profesorado.				X	
- A metodoloxía favoreceu a consecución dos obxectivos.					X
- Os materiais elaborados foron adecuados.					X
- O formato das actividades axudaron a favorecer a motivación e interese do profesorado e do alumnado.					X
- A temporalización foi adecuada aos obxectivos plantexados.				X	
- Os instrumentos de avaliación serviron para a recollida de todos os datos necesarios.				X	
- Os criterios de avaliación permiten descubrir os acertos e os erros do proceso.				X	

LOGROS E INCIDENCIAS NA PRÁCTICA EDUCATIVA.

Unha vez realizado todo o traballo e avaliado o proxecto concluímos os seguintes aspectos :

ALUMNADO

- Amosaron interese polo proxecto e pola nova metodoloxía.
- O dominio das TIC no noso alumnado é adecuado, manexan cada vez mellor as diferentes ferramentas tecnolóxicas.
- Observouse gran esforzo e motivación na realización das tarefas.
- Dominan os contidos propostos incluso os alumnos /as con NEE.
- Aprenderon e melloraron habilidades e estratexias de busca e análise da información: busca en internet e bibliografía, resumo,...
- Aprenderon a traballar colaborativamente co profesorado e compañeiros/as de diferentes idades.
- Melloraron en xeral as súas competencias básicas
- Mellorou a convivencia de toda a Comunidade educativa

PROFESORADO

- Os profesores aprendemos a introducir significativos cambios metodolóxicos na nosa práctica diaria.
- É posible traballar calquera tema, o reto é como abordalo e ter claro que poden aprender con el.
- O traballo colaborativo entre alumnado e profesorado para realizar este proxecto foi moi positivo na mellora da convivencia e no coñecemento do alumando.
- Cambios de actitude no profesorado (mellor consideración respecto ás novas tecnoloxías e menor resistencia ao seu uso).

- Reflexión do profesorado sobre a aplicación desta metodoloxía nas distintas etapas, o que pode sentar as bases para o proxecto do curso que ven nas aulas ABALAR.
- Mellorou a dinámica de traballo entre o profesorado, xurdindo grupos de traballo colaborativos.
- Pódense traballar as diferentes posibilidades e intereses do alumnado, de maneira que se atenda á diversidade e cada alumno/a atope o seu lugar para a súa participación e implicación na aprendizaxe.
- Nova organización do espazo da aula e fóra dela (Biblioteca, sala de ordenadores, outros espazos)

COMUNIDADE EDUCATIVA

- A comunidade educativa (familias, alumnado e profesorado) están moi satisfeitos co traballo que se realizou.
- A comunidade educativa traballou colaborativamente. Mellorouse a convivencia escolar, integrando a toda a comunidade nun traballo común.
- A avaliación do proceso do PROXECTO implicará a introdución de cambios tanto no PEC como no Plan anual, dados os resultados positivos, SON UNHA PEZA CLAVE NA INTEGRACIÓN CURRICULAR DAS TIC NO NOSO CENTRO.

9.- MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA A COORDINACIÓN

A idea xurdiu ao rematar o proxecto "Deuses somos Nós" (2º premio de Innovación educativa 2009-10), pretendiamos que este curso escolar

todos os departamentos na ESO e os equipos de ciclo da EP, implicáranse no desenvolvemento do proxecto.

Dende o mes de outubro do 2009 ata o mes de maio de 2010 desenvolveuse o traballo, co obxectivo de desenvolver as competencias básicas cunha nova metodoloxía, o traballo por proxectos utilizando ferramentas dixitais.

Creouse un Proxecto de formación e asesoramento en Centros (PFAC) para a coordinación fomos asesorados por Nieves Dapoza (CFR de Vigo), a súa constitución favoreceu as múltiples reunións realizadas. Nestas reunións a coordinadora e o profesorado implicado no curso 2008-09 asesoraban e recollían propostas, entregaban bibliografía, recursos de internet e documentación.

Nestas reunións establecéronse os obxectivos de centro, os de cada materia e departamento, as actividades e a elaboración de materiais. Creáronse comisións de traballo e realizáronse reunións xerais onde se foron analizando as dificultades, consecución de obxectivos e actividades inicialmente propostas, isto levou a unha comunicación enriquecedora e fluída entre todas as materias, como pode verse na interdisciplinaridade de moitas actividades.

Ao final do segundo trimestre fixamos os criterios para a exposición dos produtos elaborados polo alumnado e o tipo de obradoiros que desenvolveríamos o 28 de maio como remate do proxecto, isto foi xerando entusiasmo no centro que contaxio ao alumnado que colaborou fóra do horario lectivo, na ambientación, decoración e finalización dos produtos das distintas actividades.

A continuidade e permanencia do proxecto ao longo do curso intensificou o traballo en equipo, para fixar procedementos metodolóxicos, criterios avaliativos, provocou como dixemos antes maior cohesión entre todas as áreas, e un dos aspectos máis destacables foi a ampla acollida do proxecto polo profesorado, seu gran esforzo e o entusiasmo que souberon transmitir ao alumnado e familias.

POLIZÓNS A BORDO

TRABALLANDO POR PROXECTOS NO CPI DE PANXÓN

Modalidade: B- Introducción das competencias básicas na aula dixital.


Coordinador/a: Monserrat Sanuy Alfeirán

Casto Antonio García Márquez

Andrea García- Picher Rodríguez

Eva Fontangordo Fernández

ANEXOS I-XII



2009-2010

CPI. de Panxón